

TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



ÁMBITO LINGÜÍSTICO

CLUB DE LETRAS - RADIO



1. IDENTIFICACIÓN	
TÍTULO DA TAREFA: "Letras galegas 2024: Luísa Villalta"	
ETAPA: Educación Primaria	NIVEIS: 3º e 4º
ÁMBITO / ÁREAS: Lingua Galega e Ed. Plástica e Visual	PROFESORADO: mestra encargada do ámbito no 2º ciclo
DESCRIPCIÓN DA TAREFA Elaboración dun cartafol despregable dedicado a Luísa Villalta que inclúa unha caricatura da homenaxeada, a súa biografía, unha liña do tempo, un álbum de fotos, unha escolma de textos e a biblioteca de Luísa Villalta. Lectura expresiva de catro textos da autora a través de Radio Sito.	
XUSTIFICACIÓN Traballamos a autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas pola súa contribución á cultura de Galicia e á lingua galega. Ademais, bríndanos a oportunidade de abordar a "biografía", unha tipoloxía textual que se atopa dentro dos contidos do Ciclo. Todo isto vainos permitir mellorar a competencia lingüística do noso alumnado, tanto a nivel oral como a nivel escrito, así como crear un vínculo emocional coa nosa lingua nai.	
CONTEXTO Realizarse dentro do contexto de aprendizaxe das linguas.	

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Actividade previa: formación de grupos heteroxéneos de 4 ou 5 persoas e asignación de roles.		
1. Presentación de Luísa Villalta a partir dun vídeo sobre a súa vida e obra.	LG - CA2.1. Comprender o sentido dos textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais. (OBX2)	Rexistro de observación
2. Realización dun cartafol despregable sobre a autora homenaxeada que inclúa: - Unha caricatura - A súa biografía - A liña do tempo - Un álbum de fotos - Unha escolma de textos	LG - CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante. (OBX5) LG - CA5.3. Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e	Rúbrica

	información. (OBX7)	
3. Elaboración da portada do cartafol.	EPV - CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. (OBX4)	Rúbrica
4. "Luísa Villalta en dez preguntas". Actividade interactiva, en formato Genially, con dez preguntas sobre a vida e a obra de Luísa Villalta.	LG - CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipótesis. (OBX4)	Rúbrica
5. Presentación do contido do cartafol ao resto de compañeiros e compañeiras. Selección do que máis nos gusta para a súa exposición no corredor de 2º Ciclo.	LG - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. (OBX3)	Rexistro de observación
Actividade de reforzo Realización do cartafol con acompañamento e redución de complexidade cando sexa necesario.	LG - CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante. (OBX5)	Rúbrica

Actividade de ampliación Realizar un colaxe literario sobre un texto da autora. Lectura expresiva do texto a través de Radio Sito.	EPV - CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. (OBX4) LG - CA4.6. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar. (OBX7)	Rúbrica
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		
Comprensión oral, escrita e audiovisual - Expresión oral e escrita - Vida e obra de Luísa Villalta - Valoración dos textos literarios - Creatividade -Traballo en equipo - Toma de decisións - Respecto polas opinións diferentes		

1. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADE	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Actividade previa: formación de equipos e asignación de roles.	Biblioteca	Inicialmente en gran grupo e despois en pequeno grupo (entre 4 e 5 membros)	Folios e útiles de escritura	30 minutos
1. Presentación de Luísa Villalta.	Biblioteca	Gran grupo	- Vídeo sobre a vida e obra de Luísa Villalta	30 minutos
2. Realización dun cartafol despregable sobre a autora homenaxeada.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Cartolinas - Folios de cores - Materiais de escritura - Tesoiras e pegamento	30 minutos

3. Elaboración da portada do cartafol.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Rotuladores	30 minutos
4. Actividade interactiva en formato Genially.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Ordenadores Ámbito lingüístico	30 minutos
5. Presentación do cartafol e selección do que máis nos gusta.	Biblioteca	Gran grupo	- Cartafoles elaborados polos diferentes grupos	30 minutos
Actividade de reforzo: realización do cartafol con acompañamento e redución de complexidade cando sexa necesario.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Cartolinas - Folios de cores - Materiais de escritura - Tesoiras e pegamento	Actividade a realizar polo alumnado con diversidade curricular.
Actividade de ampliación: colaxe literario sobre un texto da autora. Lectura expresiva do texto a través de Radio Sito.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Cartolinas - Materiais de escritura - Tesoiras e pegamento	Actividade a realizar polos grupos que remataron as tarefas antes de tempo.

2. AVALIACIÓN		
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ensinanza- aprendizaxe)	- REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA - ESCALA DE VALORACIÓN (Rúbrica)	Como? mediante a observación directa e sistemática. Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen. Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 2º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.
PRÁCTICA DOCENTE	- FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN (Lista de cotexo)	Como? cumprimentando a ficha. Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen. Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 2º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.
DESEÑO DA TAREFA	- FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN (Lista de cotexo)	Como? cumprimentando a ficha. Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen. Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 2º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.

RÚBRICA						
Traballo en equipo – Organización – Adquisición das aprendizaxes						
ITEMS	4	3	2	1	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
TRABALLO EN EQUIPO	A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.	LG - CA3.3. LG - CA3.7. EPV - CA2.4.
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	LG - CA3.3. LG - CA3.7. EPV - CA2.4.
	C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG - CA3.3. LG - CA3.7. EPV - CA2.4.
	D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas.	LG - CA2.5. LG - CA4.6.



ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	LG - CA3.3. LG - CA3.7. EPV - CA2.4.
COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir deles.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	LG - CA3.3.
	G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender un texto escrito ou oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito ou oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultade cun oral.	LG - CA2.1. LG - CA5.3.
	H. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de producir un texto escrito e oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.	É quen de producir un texto escrito ou oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultade cun oral.	LG - CA3.7.



PRÁCTICA DOCENTE – ficha de recollida da información		
	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguíuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con NEAE.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		

DESEÑO DA TAREFA – ficha de recollida da información		
	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Os recursos utilizados foron axeitados á tarefa planificada.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		

